

AO PLENO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

A Concelleira María Isabel García Díaz, na súa condición de voceira do grupo municipal espertamonforte! do Concello de Monforte de Lemos, presenta a consideración do pleno da corporación municipal a seguinte moción

MOCIÓN PARA SOLICITAR A SUPRESIÓN DO PASOS A NIVEL DE MONFORTE DE LEMOS.

Exposición de motivos.

O pasado 20 de decembro produciuse un atropelo mortal no paso a nivel da florida, unha nova vítima a sumar aos acontecidos nos numerosos pasos que existen na nosa cidade.

A existencia dun paso a nivel implica xerar unha situación de risco ao confluir nun punto diferentes tipos de tráfico, ferroviario, rodado e peatonal, como mínimo. Na nosa cidade atopamos 6 pasos a nivel dentro do casco urbano o que a converte na cidade con máis pasos, en menor distancia, de toda España. Esta situación condiciona o desenvolvemento da cidade e aumenta significativamente o risco de accidentes mortais.

Nestas circunstancias debemos analizar as condicións que dende un punto de vista legal fan necesaria (por obrigatoria) a supresión dun paso a nivel:

- A Orde do 2 de Agosto do 2001 pola que se desenrola o artigo 235 de regulamento da lei de transportes terrestres, recolle a obriga (sempre que sexa posible e así o indica) de suprimir os pasos a nivel cuxo **momento de circulación (MC)** sexa superior a 1500.

MC = A x T.

A = nº automóviles que cruzan as vías.

T = nº que indica a media de trenes que circulan polo paso, considerando un cómputo anual para o nº de trenes.

En función destes parámetros e según os datos de ADIF os **MC** dos pasos monfortinos son:

- Paso da Florida: MC = 167.000.
- Paso do Reboredo: MC = 39.124.
- Paso de Francisco Moure: MC = 34.721.
- Paso de Juan Montes: MC = 4.892.
- Paso de Rioseco: MC = 1.727.

Todos superan con creces o MC de 1500.

- O artigo 18 do regulamento do sector ferroviario (R.D.2387/2004 do 30 de decembro 2004) establece no seu punto 9 que a supresión de paso a nivel, a súa reordenación e no seu caso os sistemas de protección de éstos, serán pola conta dos organismos ou entidades que teñan ao seu cargo as estradas se o factor **A do seu MC** é igual o superior a 250. Será pola conta dos organismos o entidades que teñañ ao seu cargo a infraestrutura ferroviaria se o factor **T de su MC** é igual o superior a 6. No caso de que se se produzan simultáneamente ambos supostos, o coste da obra repartirase entre as entidades interesadas.

Existe outro factor determinante, segundo o regulamento do sector ferroviario para a supresión dos pasos a nivel que supón que "non existirán pasos a nivel en liñas nas que a velocidade da circulación ferroviaria sexa superior a 160 Km/h". En función dos deseños previstos para futuras liñas entre Lugo e Ourense de velocidade alta, prometidos por os nosos políticos, serían necesario suprimir os pasos a nivel existentes en todo o traxecto.

Solicitamos.

Por todo o exposto anteriormente solicitamos demandar ante as entidades correspondentes en cada caso as actuacións necesarias para a supresión dos pasos a nivel que afectan a nosa cidade.